
GRAMÁTICA DA FANTASÍA

INTRODUCCIÓN Á ARTE DE CONTAR HISTORIAS

Texto de GIANNI RODARI

Tradución de SILVIA GASPAR

Ilustración de portada de PABLO OTERO

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 180 páx. 15 €.

ISBN 978-84-8464-705-8. Colección Manuais.


...No «binomio fantástico», as palabras non quedan prendidas no seu significado cotián; son liberadas das cadeas verbais das que decote forman parte, son descontextualizadas, estrañadas, lanzadas unha contra outra baixo un ceo descoñecido. Entón, atópanse nas mellores condicións para xerar unha historia...

Froito do interese pola literatura para nenos, nos anos sesenta Rodari percorreu as escolas italianas «para contar historias e responder as preguntas dos nenos; Porque sempre hai un neno que pregunta: Como é que se inventan as historias? Pregunta que merece unha resposta». A través do contacto directo co alumnado, Rodari observa, conversa e toma apuntamentos, intentando desentrañar os procedementos da arte de crear historias. Esta actividade será a base da súa obra teórica máis importante, “Grammatica della fantasia” (1973), que tomou forma nun encontro con docentes no que Rodari participou en 1972, invitado polo Concello de Reggio Emilia.

Trátase dun manual de obrigada referencia para educadores, unha aportación sen precedentes á pedagogía contemporánea e o legado co que Rodari transmite a súa idea revolucionaria e liberadora da literatura: «Todos os usos da palabra para todos» *paréceme unha boa frase, cun bo ton democrático. Non para que todos sexan artistas, senón para que ningún sexa escravo.*

Rodari invita a converter a palabra en xogo, ao tempo que desvela o proceso de escribir historias para nenos e axúdalles aos cativos a inventar novos mundos. “Gramática da fantasía” ofrécelle ao lector a posibilidade de demostrar que para entrar na realidade non só serven as portas, senón tamén as fiestras: «Así é máis divertido e moito máis práctico».

Rodari presenta o «binomio fantástico», o «que pasaría se...?», a construción de adiviñas, a «ensalada de contos», e outras propostas rodarianas para crear historias. No fondo da obra existe unha mensaxe moi clara que fai referencia á escola: ningún tipo de xerarquía entre as distintas materias. E, no fondo, unha soa materia: a realidade, enfocada dende todos os puntos de vista, empezando dende a realidade próxima, a comunidade escolar, o estar xuntos, o modo de estar e de traballar xuntos. Nunha escola deste tipo o neno xa non é un consumidor de cultura e de valores, senón un creador e produtor de valores e de cultura.



-
- **Temática:** manual de pedagogía.
 - **Público recomendado:** educadores e docentes.
 - **Aspectos destacables:** do autor de “[Confundindo historias](#)”, “[Inventando números](#)” e “[Contos por teléfono](#)” (Kalandraka); claves sobre a construción de historias; concepto de *binomio fantástico*.
-

Gianni Rodari

(Omegna, Lombardía, 1920 - Roma, 1980)

Aínda que a súa vida discorreu allea á música, a súa vocación frustrada, poucos persoeiros como Rodari lograron destacar en tantas facetas como as que desenvolveu este renovador da Literatura Infantil e Xuvenil. Político, xornalista, pedagogo e escritor, nesta última vertente logrou o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e comezou impartindo clases particulares. Pola súa vinculación ao Partido Comunista Italiano colaborou con varios xornais; dirixiu *L'Ordine Nuovo* e trala súa incorporación ao diario milanés *L'Unità* comezou a cultivar a súa paixón pola literatura infantil. A partir de entón foise forxando o talento de quen se convertería na pedra angular deste xénero literario. Baseou na realidade obras como “O planeta das árbores”, pero o humor e o éxito chegaron con títulos como “Contos longos como un sorriso”, “As aventuras de Cipollino”, ou “O libro das retañas”. “Contos a máquina”, “Contos por teléfono” e “Contos para xogar” son tamén algunhas das súas obras mestras: pensáronse, respectivamente, para versionar a literatura tradicional, demostrar que a brevidade tamén pode ser sinónimo de boas historias e permitir que o lector poida escoller o final do conto. <http://www.giannirodari.it>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
